DÚAS EOXI DE GALICIA INCORPÓRANSE AO PROGRAMA "CENTRO COMPROMETIDO COA EXCELENCIA EN COIDADOS"

José Javier Castrodeza, Secretario Xeral de Sanidade e Consumo acompañado de Jesús F. Crespo, Director do Instituto de Saúde Carlos III e de Doris Grinspun, Directora Executiva da Registered Nurses' Association of Ontario (RNAO), presidiu o acto de entrega das designacións como centros Comprometidos coa Excelencia en Coidados a 26 institucións de saúde españolas, entre as que se atopan a Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte e a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña.

Vinte e seis institucións españolas de 13 comunidades autónomas recibiron o 12 de Febreiro de 2018 o seu recoñecemento como **Centro Comprometido coa Excelencia en Coidados** (CCEC®/BPSO®) nun acto celebrado en Madrid no **Instituto de Saúde Carlos III** (ISCIII).



Os **Centros Comprometidos coa Excelencia en Coidados** (CCEC®/BPSO®) son institucións sanitarias como hospitais, centros de longa estancia, centros de atención primaria e outros centros públicos relacionados coa atención sanitaria que se comprometen coa implantación das **Guías de Boas Prácticas**.

Ditas guías de boas prácticas implantadas ou en proceso de implantación son 25, e abordan o estudo, control de factores de risco, valoración e manexo de diferentes enfermidades crónicas, así como problemas de seguridade do paciente, ou a adecuada abordaxe de signos e síntomas.

As institucións implicadas no programa de **Centros Comprometidos coa Excelencia en Coidados** en España, están a contribuír a cambiar a prestación de coidados cara a unha práctica baseada na evidencia, obtendo resultados moi remarcables. Ca implantación das diferentes guías, conseguiuse reducir o número e gravidade das lesións producidas como consecuencia de caídas; a lactación materna exclusiva no momento do alta hospitalaria sitúase entre o 78%-85% (segundo o centro), a lactación materna exclusiva aos 6 meses como indicador de referencia para a OMS pasou do 29,7% ao 40,3%.

Entre os procesos clínicos, a valoración integral e educación a pacientes incrementouse notablemente, alcanzando en moitas guías cifras superiores ao 90%. En outro proxecto de implantación de guías, a detección e a planificación de coidados na dor sitúanse por encima do 90% e 80%, respectivamente.



Este conxunto de resultados fixeron que o **Programa Centros Comprometidos coa Excelencia en Coidados®** fose seleccionado como boa práctica pola **Rexión Europea** da Organización Mundial da Saúde **(OMS)** en 2016.

Desde **ACIS** unímonos ao merecido recoñecemento de todos os centros e en especial ao das **EOXI de Lugo e A coruña e as súas Unidades de Enfermería** por o seu labor na investigación e desenvolvemento dos coidados sanitarios.

BPSO CENTROS COMPROMETIDOS CON LA EXCELENCIA EN CUIDADOS ®
ESPAÑA / SPAIN